

RESOLUCIÓN pola que se establece o prazo de presentación de solicitudes Orde do 30 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas, para a creación de empresas para as persoas agricultoras mozas, e para a creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2020 (códigos de procedemento MR404A, MR405A e MR405B) debido a crise sanitaria ocasionada polo COVID-19

Primeiro.- O día 14 de marzo de 2020 publicouse no Boletín Oficial do Estado e entrou en vigor o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, que declara o estado de alarma de 15 días naturais de duración e establece na súa disposición adicional terceira a suspensión dos prazos administrativos e que estes reanudaránse no momento en que perda vixencia o real decreto que declarou o estado de alarma.

Segundo.- O día 28 de marzo de 2020 publicouse no Boletín Oficial do Estado a Resolución do 25 de marzo de 2020, do Congreso dos Deputados, pola que se ordena a publicación do Acordo de autorización da prórroga do estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, que prorroga o estado de alarma ata as 00:00 horas do día 12 de abril de 2020.

Terceiro.-No momento da entrada en vigor do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo faltaban 18 días naturais para que finalizase o prazo de presentación de solicitudes da Orde do 30 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas, para a creación de empresas para as persoas agricultoras mozas, e para a creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020.

Cuarto.- A disposición derradeira primeira. *Execución* da Orde do 30 de decembro de 2019 faculta a persoa titular da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias para que dite os actos necesarios para a execución da orde.

Con base nos anteriores antecedentes e normativa de aplicación

## RESOLVO

Que o prazo establecido no artigo 20. *Prazo de solicitude das axudas* da Orde do 30 de decembro de 2019 se prorrogue desde a data de finalización do prazo establecido na orde, o día 31 de marzo de 2020, e ata que transcorran 18 días naturais contados desde o día seguinte ao que remate o Estado de Alarma.

Santiago de Compostela  
Documento asinado dixitalmente

